



Memoria de dirección

Curso 2015-2016

IES de Mugardos

Tel. 881 938 200
Fax 881 938 207

Rúa do Cristo s/n
15620 MUGARDOS

<http://www.edu.xunta.gal/centros/iesdemugardos/les.mugardos@edu.xunta.es>

Índice

Objetivos (PXA) _____	1
Resultados académicos _____	2
ESO _____	2
Bacharelato _____	2
Educación de adultos _____	2
Registro de actividades _____	2

Vicedirección

<u>Coordinación das actividades complementarias e extraescolares</u> _____	17
<u>Transporte</u> _____	20
<u>Excursión de fin de curso</u> _____	20
<u>Estética do centro</u> _____	22
<u>Relación de actividades do curso 2016-2017</u> _____	23

O curso transcorreu con normalidade, sen casos de maior importancia que afectasen á marcha xeral do centro. A novidade máis importante foi a implantación da LOMCE nos cursos impares da ESO e do Bacharelato. Isto esixiu un dobre sistema de funcionamento que afectou ás programacións e avaliación.

Producíronse, con todo, poucos episodios de falta convivencia académica, nomeadamente en 2º. ESO, que requiriron a intervención de Xefatura de Estudos. En canto a casos individuais activouse nunha ocasión o protocolo de acoso que rematou coa expulsión dun alumno tras o oportuno expediente e coñecemento de inspección educativa.

Por outra banda, os resultados académicos foron en xeral avaliados como pouco satisfactorios, aínda que será necesario agardar á convocatoria de setembro para cuantificalos en toda a súa medida. Con todas as súas limitacións, avaliamos positivamente os contratos-programa asinados coa Consellería de Educación nos que se inclúen tres actuacións: Programa de Reforzo, Orientación e Apoio, Mellora da Competencia Matemática e Programa para a mellora para acadar a excelencia.


OBXECTIVOS (PXA)

Segundo a Programación Xeral Anual (PXA) recollemos os seguintes obxectivos para este curso:

1. Aprobar e pór en marcha o *Proxecto lingüístico de Centro*

Este importante documento do centro foi aprobado finalmente polo Consello Escolar o 28 de xaneiro de 2016. Para a súa redacción creouse unha comisión integrada polos xefes de departamento de linguas e máis o Equipo de Normalización Lingüística. Inclúe os seguintes apartados:

- Contexto sociolingüístico: baseado nunha enquisa a todos os sectores da comunidade educativa.
- Linguas en que se imparten as distintas materias: reparto segundo o decreto de plurilingüismo.
- Fomento da lingua galega.
- Actuacións para o ensino de linguas estranxeiras.
- Atención á diversidade.
- Estratexias e actividades para a mellora da competencia lingüística oral e escrita do alumnado.
- Proxecto Lector.
- Planificación, seguimento e avaliación do PLC.



Proxecto Lingüístico de Centro 2016-2020 (PLC)
Aprobado polo Consello Escolar
(28 de xaneiro, 2016)

[Ligazón](#)

2. Adaptación ao novo marco legal da LOMCE

A implantación da LOMCE nos cursos impares da ESO e Bacharelato achegou importantes novidades. Por unha banda supuxo unha adaptación das programacións didácticas aos novos currículos; por exemplo, todo o referido aos estándares de aprendizaxe ou a necesidade de ampliar os instrumentos de avaliación. Por outra banda, a toma en consideración das competencias clave dun xeito máis programado do que ata o momento.

Para o cumprimento deste obxectivo abórdase desde a dirección as seguintes liñas de traballo:

1- A través do *Plan de Formación Permanente do Profesorado* impartíuse no centro un curso sobre os novos elementos do currículo LOMCE. Posteriormente desde os CFR realizouse a convocatoria do curso MOOC “O currículo na aula”.

2.- Elaboración do Perfil Competencial de centro para a avaliación das competencias clave. A través da Comisión de Coordinación Pedagóxica elixíronse os estándares de aprendizaxe achegados por cada materia para unha avaliación contextualizada das competencias. Pode consultase no enderezo:

<http://www.edu.xunta.gal/centros/iesdemugar dos/aulavirtual/course/view.php?id=79>

3.- Proposta de materias de libre configuración de centro para o bacharelato. O curso pasado aprobouse o Obradoiro de teatro (1 hora) para 1.º Bacharelato e para o vindeiro curso presentaranse a aprobación as seguintes materias:

1.º bacharelato: Obradoiro de teatro (aprobada)

Reforzo de inglés

Introdución á lingua portuguesa e cultura lusófona

Elaboración proxectos audiovisuais e multimedia

2.º bacharelato: Obradoiro de teatro II

Reforzo de inglés

Introdución á lingua portuguesa e cultura lusófona II

Educación Física (2 horas)

3. Reducir o desequilibrio entre os resultados académicos por sexos

Trátase este dun obxectivo recorrente desde hai varios cursos. A principal tarefa é estar pendentes de que a desviación negativa en canto aos resultados académicos dos alumnos varóns non supere esaxeradamente a media de cursos pasados e intentar que a diferenza entre sexos sexa equilibrada. Para iso, de xeito transversal véñense acometendo as seguintes medidas:

- Reparto equilibrado por sexos dentro de cada grupo.
- Medidas de atención á diversidade.
- Contratos-Programa: tanto nas liñas de PROA como do Programa de Excelencia un dos compromisos é reducir esta diferenza dos resultados entre sexos.

4. Avanzar na mellora do equipamento informático e acceso á internet.

Ao longo do curso 2015-2015 avanzouse moito na dotación de equipamento informático. Coa incorporación de kits dixitais Abalar fornecidos pola consellería para as aulas de 3.º, 4.º. ESO e 1º Bacharelato, a totalidade das aulas están dotadas de ordenador, canón e pizarra dixital. Só restan alumnas aulas de grupos reducidos e os laboratorios de Física e Química. Tamén foi importante a achega de 16 equipos de CPU e pantalla que foron instalados na Aula de Informática e nas dependencias administrativas do centro.

En canto ao acceso a internet, a velocidade da banda larga aumentouse un pouco a principios de curso, pero segue a ser insuficiente para atender a demanda do centro.

5. Mellorar o aspecto xeral do centro, en particular a limpeza e orde. Reordenación dos departamentos.

As obras máis importantes foron acometidas logo da solicitude á Consellería:

- Reparación do poste de subministración eléctrica.
- Substitución dos canalóns do pavillón e un treito do edificio principal afectados polos temporais de inverno.
- Reformas na cuberta para evitar filtracións de auga en varias dependencias do centro.

Ademais, acometéronse outras pequenas reformas para intentar mellorar a utilización das infraestruturas do centro:

- Ordenación da zona de almacenaxe do Salón de Actos.
- Limpeza e ordenación do departamento de Ciencias Sociais.
- Ordenación da Aula de Plástica.


6. Proposta dun proxecto común para os centros educativos de Mugar dos centrado na “romanización”.

Co gallo da inauguración do Centro de Interpretación dos restos romanos do Caldoval construído nas inmediacións do instituto, planteamos este curso no Consello Escolar Municipal o proxecto común da “Romanización” para os centros do concello de Mugar dos. Ao final, as novas instalacións aínda non chegaron a abrirse ao público, pero o proxecto no IES de Mugar dos foi aproveitado para realizar numerosos traballos de aula. Algúns deles de xeito interdisciplinar como o coordinado desde a biblioteca denominado “Gabinete das Marabillas”.

A experiencia foi avaliada moi positivamente nos órganos de goberno do instituto. Para o vindeiro curso formularase outro proxecto común de centro en colaboración co Concello de Mugar dos.


3.º ESO - A



3.º ESO - B



4.º ESO - A

4.º ESO - PDC





Contexto socioeconómico

- Mantemento dos prezos de axuda ao transporte nas saídas escolares (3 euros por medio día e 5 euros a xornada).
- Continuidade do Programa de Reforzo, Orientación e Apoio (PROA)
- ESO: Fondo solidario, axudas.
- Banco de Libros (ANPA): Ligazón
- Axudas da ANPA

CONCELLOS:

- Axudas para o ensino e o transporte do Concello de Mugar dos.
- Comedor Escolar Municipal (CEIP Unión Mugar desa).
- Axudas do Concello de Ares ao transporte do alumnado do instituto.
Ligazón

Instalacións e dotación material

- Instalación de canón proxector de focal curta e dispositivo de pizarra dixital na aula de Tecnoloxía. (Xullo, 2015).
- Cafetaría: Andeis no almacén da cafetaría e toldos na terraza.
- Retirada de pupitres e cadeiras vellas ou deterioradas.
- Instalación dun swich e acceso a datos na aula 5.
- Instalación dun RAP na aula 4 e novo cableado para datos en nove aulas.
- Terceira cámara de seguridade e vixilancia para a zona exterior do transformador eléctrico.
- Ampliación da instalación eléctrica da Sala de Profesores.
- Instalación de kits dixitais Abalar nas aulas de 3.º e 4.º ESO e bacharelato: ordenador, canón e pizarra dixital.
- 16 equipamentos informáticos: CPU e pantalla.
- Cambio da fotocopiadora en conserxería cun sistema de renting e prezo por copia máis barato.

REPARACIÓNS E REVISIÓNS

- Repintado das varandas azuis do corredor.
- Repintado das papeleiras do corredor.
- Retiradas das mesas diante de secretaria e mellora do portelo de administración.
- Reparación do poste de subministración eléctrica (Nadal, 2015).

- Reparacións na cuberta do tellado para evitar filtracións que afectaron este inverno a varias dependencias do centro.
- Reposición dos canelóns do pavillón e parte do edificio principal.
- Limpeza e reordenación do departamento de Ciencias Sociais.

Oferta educativa

- Implantación da LOMCE nos cursos impares. Novas materias:
 - Obradoiro de teatro (1.º BAC- materia de libre configuración de centro)
 - Tecnoloxía Industrial I (1.º BAC)
 - Anatomía Aplicada (1.º BAC)
 - Promoción de hábitos de vida saudables (1.º ESO)
 - Grupo de 4.º ESO-PDC.
- Dous grupos de Educación Secundaria de Adultos. Publicidade da oferta de adultos nas páxinas dos concellos de Mugardos e Ares.
- Dous grupos CUALE (A2 e B1).
- Catro seccións bilingües.
- Xestións para a solicitude de implantación dun ciclo de FP: proposta no Consello Escolar, Consello Escolar Municipal. Comisión informativa no Concello de Mugardos (13 de maio, 2016)...

Alumnado

- **MATRÍCULAS DE HONRA** (2.º Bacharelato):
Alumnas: **Raquel Ibón** e **Clara Morado**
- **PREMIOS:**
 - Premio *Galicia Saudable á entidade educativa destacada no fomento e promoción da actividade física e dos hábitos de vida activa.* (Ligazón)
 - Primeiro premio Incubadora de Sondaxes e Experimentos (SGAPEIO) na categoría de Bacharelato. Seleccionados na fase galega e gañadores na fase nacional celebrada en Badajoz co proxecto titulado *¿Mens sana in corpore sano?* realizado polas alumnas **Inés Díaz, Sara Vázquez, Cintia Pérez e Marta Pérez**. Profesora **Covadonga Rodríguez-Moldes**.^(web)
- Participación no **Concurso Hispanoamericano de Ortografía**. Fase Galega

- Participación na **Olimpíada Matemática Galega**.
- Participación no **Canguro matemático**. 24 de marzo. (web)
- Participación no **Parlamento Xove** nas categorías de Bacharelato e ESO. (web)
- Participación no concurso **Novos Talentos de Narrativa Curta** - Coca-Cola. 2.º ESO. En galego e en castelán.
- Participación en Matemáticas na raia (3.º ESO)
- Participación na **VII Olimpíada de Economía**.
- Participación no concurso **OLLOBOI de producións audiovisuais escolares**.

Profesorado

- **PIALE:**
 - Participación da profesora CARMEN MEIRIÑO: Espazo PIALE **Q**
- **Ponencias, conferencias e publicacións:**
 - As profesoras **Leticia Ogando** e **Covadonga Rodríguez-Moldes** participaron nas I Xornadas sobre o Proxecto Educativo de Centro e promoción de hábitos saudables celebrado no salón de actos do INEF en Bastiagueiro. (web).
 -
- **PLAN DE FORMACIÓN PERMANENTE DO PROFESORADO**
PFPP F1531040
Integración das competencias clave a través do modelo de tarefas
Actividades:
 - Curso MOOC (massive open online course)
 - Seminario: Integración das competencias clave a través do modelo de tarefas.
 - Seminario: Programación de secuencias didácticas en seccións bilingües e en Inglés.Materials:
Aula virtual

Persoal non docente

- Nova traballadora do persoal de limpeza a media xornada: **Ana Hermida**.

Familias. ANPA

- Presentación do curso ás familias

- BANCO DE LIBROS -ANPA
- Recepción titorías-familias: primeira avaliación.
- Reunión cos pais de alumnado en 2.º ESO para aplicar un plan de mellora da convivencia e o rendemento.
- Reunión cos pais de alumnado en 3.º ESO para informar sobre a LOMCE.
- Reunión cos pais de alumnado en 4.º ESO para informar sobre o ensino posobrigatorio na LOMCE.
- ANPA: reunións mensuais con dirección.

Relacións coa contorna

- Vixilancia na entrada pola Policía Local a primeira hora
- Simulacro de evacuación coa participación da Policía Local e Protección Civil.
- Participación na campaña Recicla no Nadal da asociación de empresarios de comercio e hostalaría PortoMagno.

CONCELLO DE MUGARDOS:

- Campaña de recollida de alimentos polo Nadal.
- Participación na cadea humana o Día Internacional da Muller.
- Charlas de Orientación.
- Xurados nos premios literarios e de pintura.
- Premio Estudo e Deporte. Tamén co Concello de Ares.
- Exhibición de tenis de mesa. Tamén co Concello de Ares.
- Colaboración cos clubs deportivos e asociacións para a organización dos Premios Estudo e Deporte.
- Participación no estudo de tese de doutoramento dirixida por docentes da Escola de Educación Física de Bastiagueiro.

Coordinación e planificación docente

- Calendario de avaliacións e reunións.

Actividades complementarias e extraescolares

Ver "Memoria de vicedirección".

CONTRATOS-PROGRAMA

- Programa de Reforzo, Orientación e Apoio.
- Programa de mellora para o éxito escolar.
- Mellora da competencia matemática.

PLANS PROXECTA

- Proxecto Terra
- Deportivo de centro.

Igualdade de mulleres e homes

Participación na cadea humana o Día Internacional da Muller. Gravación de vídeo:

<https://vimeo.com/159864528>

Outros

- ⑩ Contratación do servizo de xestión e explotación da cafetaría.
- ⑩ Xubilación de Amada Pernas (xan. 2016) e Edmundo López Saavedra (set. 2016).
- ⑩ Excursións a Barcelona (4.º ESO) e Lisboa (1.º Bac).

MEMORIA DE VICEDIRECCIÓN

As principais funcións encomendadas ao cargo de vicedirección durante este curso foron catro: a coordinación e organización de actividades extraescolares, o transporte, a organización e xestión económica da excursión de fin de curso de 4º da ESO e o coidado da estética do centro.

1. A COORDINACIÓN E ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES

O obxectivo neste ámbito será o de continuar a liña dos anos anteriores, caracterizada por un alto grao de participación de profesores e alumnos en programas e actividades e pola colaboración coas institucións locais, impulsando as iniciativas que xurdan neste apartado.

Ademais, para lograr unha maior organización e aproveitamento dos recursos dispoñíbeis se traballará na procura de ofrecer ao profesorado unha visión panorámica da complexa rede de programas e actividades tecidas no centro. Desglose de obxectivos:

- a.-Impulsar a implicación de alumnado e profesorado nas actividades extraescolares.**
- b.-Optimizar a difusión da rede de actividades do centro.**
- c.-Maximizar o aproveitamento dos recursos dispoñibles.**
- d.-Manter a colaboración coas institucións locais.**

A. Implicación do alumnado e profesorado nas actividades,

Mantense a liña de alta participación de anos anteriores debido aos diferentes programas interdisciplinares do Centro mais as propias dos Departamentos. No relativo á colaboración interdisciplinar, segue a manterse nunha liña ascendente na que destacamos as incluídas no marco da ROMANIZACIÓN e as organizadas pola Biblioteca, como o GABINETE DAS MARAVILLAS.

<https://www.youtube.com/watch?v=UiraEHTUeMg>

Foi notable, ademais, o alto grao de implicación de profesores e alumnos nos catro actos preparados durante o curso: o do SAMAÍN, NADAL, ENTROIDO, o día das LETRAS GALEGAS e o de FIN DE CURSO e a entrega dos premios ESTUDO E DEPORTE.

(vídeo do FESTIVAL DO ENTROIDO do IES Mugar dos: concurso de mellores letras e comparsas)

<https://www.youtube.com/watch?v=vYiLt4cWrFw>

PLANS PROXECTA:

Este ano houbo un descenso no número de participacións nos Plans Proxecta:

O curso pasado, no 2014-2015 presentáronse cinco:

Rede de Centros Escolares Solidarios (coordinador: Santiago Cotelo)

Deportivo de Centro (Juan Arnott)

Parlamento Xove (Ofelia Lubián)

Correspondentes Xuvenís 3.0 (Ofelia Lubián)

Proxecto Terra (Francisco Canoura)

No presente curso, 2015-2016, participamos no Deportivo de Centro e o Proxecto Terra, ambos a cargo de Juan Arnott e Francisco Canoura, respectivamente. É conveniente destacar, non obstante, **que esta baixada non supuxo o fin das actividades asociadas aos mesmos** pois o IES Mugar dos participou igual no PARLAMENTO XOVE con tres equipos (un mais que o ano pasado) e organizou o NADAL SOLIDARIO coa recollida de alimentos.

A miña análise persoal sobre a redución dos Proxectas, como coordinadora do PARLAMENTO XOVE durante cinco anos, é que organizar esta actividade a través

deste marco institucional **obriga a anticipar demasiadas condicións** respecto a colaboracións e alumnos participantes nun momento no que aínda están a asentarse as bases do novo curso. Hai que ter en conta, ademais, que moitos alumnos (1º de BAC, do CONDE FENOSA) son de nova incorporación ao centro.

B. Optimización da información sobre a rede de actividades do Centro.

Para lograr este obxectivo usamos como medio o calendario exposto na Sala de Profesores, o taboleiro da entrada do IES e, como novidade, un calendario de Google na páxina WEB:

<http://www.edu.xunta.gal/centros/iesdemugardos/>

C. Mantemento da colaboración coas institucións locais:

Este apartado segue a manterse nun estado óptimo, enumeramos a continuación unha mostra das nosas colaboracións:

- Participación en actividades deportivas organizadas polo Concello e os clubs deportivos, tales como o torneo de tenis de mesa, á iniciación ao remo, etc.
- A organización dun proxecto interdisciplinar no marco da ROMANIZACIÓN en sintonía cos centros educativos da zona co motivo da inauguración do MUSEO DO CALDOVAL na proximidade do IES. Este proxecto desenvolveuse nun conxunto variado de actividades: teatro (Totus Plautus), exposicións, traballos e saídas (Proxecto Terra, Bóveda, Noville)
- A organización de varios obradoiros formativos en colaboración con Asuntos Sociais do Concello (Habilidades Sociais, Educación Viaria,...)
- IV Premio Estudo e Deporte, en colaboración co Concello e os clubs deportivos da zona Ares-Mugardos.

2. TRANSPORTE

No relativo a este apartado é de destacar o mantemento da colaboración económica coa ANPA no transporte das actividades extraescolares, sendo o custe global anual con IVE por este concepto desde 3.349 euros, do que temos que restar a axuda aportada pola ANPA e o importe aboado polos propios alumnos:

Deste importe a ANPA abonou, en concepto de axudas, a cantidade de 951 euros, os alumnos 1.050 euros **aportando o IES a cantidade de 1.348 euros** para poder manter o importe máximo por alumno e viaxe comprometidos polo centro en concepto de transporte.

Este ano incrementouse significativamente a contribución económica do centro debido ao aumento no número de excursións, especialmente as de día completo e destinos afastados, como as de Lugo, Bóveda, Buño, Camiño de Santiago e a asistencia a dúas representacións teatrais na Coruña.

Deste desglose económico hai que excluír a excursión de Lisboa, de Barcelona, a do Club de lectura e a do Campionato de Orientación na Coruña.

3. EXCURSIÓN DE FIN DE CURSO A BARCELONA

O presuposto por alumno da excursión a Barcelona foi de 402,50 euros e o importe global foi de 8.855 euros. Tivo unha alta participación pois **asistiron 22 alumnos dos 27 que iniciaron o curso**, incluíndo aos de PDC. A recadación global coas actividades organizadas polo centro foi de 730 euros, entre as que mencionamos as vendas de comida de samaín, entroido, venda de rosas por San Valentín. Tamén é destacable a organización por eles mesmos dun rastrillo polo que obtiveron un beneficio de 246 euros. Ademais, foron repartidas rifas a cada alumno por un importe de 325, entre as facilitadas pola ANPA e DENATRAVEL.

O coste total por alumno incluíu transporte e aloxamento, todas as comidas e actividades como: visita guiada a Barcelona, Park Güell, entrada á Sagrada Familia, Camp Nou, un minicruceiro a Salou e un día en Port Aventura.



Venda de produtos de San Valentín no rastrillo de Pontedeume e no IES.

4. ESTÉTICA DO CENTRO

Segue a manterse na mesma liña de traballo no relativo ao coidado da liña estética nas actividades, efemérides e as exposicións organizadas polo centro. Aquí mostramos varios exemplos:



Por último, presentamos a continuación unha síntese das actividades organizadas no IES ao longo do curso 2015-2016:

RELACIÓN DE ACTIVIDADES DO CURSO 2015-2016

6-10-15: CAMIÑO DE SANTIAGO, etapa Triacastela-Sarria. organiza Ed. Física. 1º BAC.

14-10-15: ANDAINA POLO BELELLE, organiza Dep. Educación Física, 1º e 4º de ESO.

19-10-15: SENDERISMO POLAS FRAGAS DO EUME, organiza o Dep. de Ed. Física, 3º de ESO.

20-10-15: SAÍDA A BUÑO e o dolmen de Dombate. Dep. de Inglés. 1º de ESO.

26-10-15: SAÍDA A SOTAVENTO. Dep. de Física. 3º e 4º de ESO.

27-28-29 de outubro de 2015: Obradoiro de HABILIDADES SOCIAIS. Dep de Orientación. 2º de ESO.

29-10-15: Actividades do SAMAÍN, organiza Normalización e Vicedirección, venta de comida nos recreos e concurso de cabazas. Todo o instituto.

16-11-15: Saída ás instalacións da FORESTAL, organiza o Dep. de Matemáticas e Física.

20-11-15: MAGOSTO E XINCANA. Degustación de castañas no recreo e venta de comidas para a excursión de 4º da ESO. Xincana organizada polo Dep. de Ed. Física para os alumnos de 1º e 2º de ESO coa colaboración de 1º de BAC.

24-11-15: Charla, RISCOS DE INTERNET, organiza o Dep. de Orientación. 1º e 2º de ESO.

25-11-15: Charla de Pilar Iglesias na Biblioteca a 1ª hora.

30-11-15: Obradoiro de HABILIDADES SOCIAIS, organiza Dep. de Orientación. 4º de ESO.

1-2 decembro de 2015: Obradoiro de HABILIDADES SOCIAIS, 4º de ESO.

2-12-16: CAMPAÑA DE RECOLLIDA DE ALIMENTOS DO NADAL. Dep de Relixión.

15-1-16: OLIMPIADA MATEMÁTICA, organiza Dep. de Matemáticas.

18-1-2016: MUSEO DO HUMOR, Fene. Dep de Plástica. 1º e 4º de ESO.

19-1-16. Charla de EDUCACIÓN VIARIA, 3º e 4º de ESO. Organiza Dep. de Orientación.

22-1-2016: Charla USC, "ALIMENTOS TRANSXÉNICOS", 1º BAC e 2º de BAC.

25-1-2016: Charla DROGAS E ENFERMIDADE MENTAL, 3º de ESO. Dep de Orientación.

27-1-16: Teatro Castelá, "LA DAMA BOBA", 1º de BAC.

28-1-16: OBRADOIRO DE ALIMENTACIÓN, 1º e 4º de ESO.

29-1-16: OBRADOIRO DE RISOTERAPIA, 4º de ESO e 1º de BAC. Organiza Dep. de Economía.

1-2-16: Charla USC, ÉTICA E IGUALDADE. 1º e 2º BAC. Organiza Orientación.

2-2-16: XORNADA DE ORIENTACIÓN ACADÉMICA E PROFESIONAL. Fene, organiza Dep. de Orientación. 4º de ESO e 2º de BAC.

5-2-16: FESTIVAL DO ENTROIDO, organiza Vicedirección, participa todo o instituto.

8-12 de febreiro, FROITA ESCOLAR. Distribución gratuíta de froita no recreo. Subvencionada polo FOGGA. Organiza Vicedirección.

12-2-16: SAN VALENTÍN. Actividades e venta de comida nos recreos.

12-2-16. OBRADOIRO DE RISOTERAPIA, 1º de BAC e 4º de ESO. Organiza Dep. Economía.

16-23 de febreiro: CARREIRAS DE ORIENTACIÓN, Mugar dos. 1º e 4º de ESO. Organiza o Dep. de Educación Física.

23-2-16: Charla SAPE, Dep. de Orientación, 2º de BAC.

25-2-16: Saída a BÓVEDA-LUGO: Subvencionada pola Diputación. Organiza Dep de Inglés. 4º e 3º de ESO.

27-2-16: PARLAMENTO XOVE: Participación con dous equipos de BAC na competición de debate a nivel autonómico Parlamento Xove. Organiza o Departamento de Filosofía e Castelá.

1-3-16: TEATRO GREGO. Organiza o Dep. de Grego.

1-3-16: CARREIRA DE ORIENTACIÓN, Mugardos. Organiza o Dep. de Educación Física. 2º de ESO.

3-3-16: Teatro, CYRANO DE BERGERAC, organiza Dep. de Francés para os alumnos de francés.

5 de mar de 2016, PARLAMENTO XOVE: Participación con dous equipos de BAC na competición de debate a nivel autonómico Parlamento Xove. Organiza o Departamento de Filosofía e Castelá.

11/14 do 3-16: OBRADOIRO "PLAN DE EMPRESAS", organiza Dep. de Economía, 4º de ESO e 1º de BAC A.

18-3-16: Obradoiro de SEXUALIDADE EMOCIONAL. Organiza Dep. de Orientación, 3º ESO.

29/30 -3-2016: OBRADOIRO DE SEXUALIDADE, organiza Dep. de Orientación, 3º de ESO.

31-3-16: Torneo de TENIS DE MESA, Mugardos, organiza o Dep. Educación Física para 1º e 2º de ESO.

7-4-16: CAMPIONATO PROVINCIAL DE CARREIRAS DE ORIENTACIÓN, A Coruña. Organiza o Dep. de Ed. Física, 2º de ESO.

11-4-2016: Teatro: "DON JUAN TENORIO", organiza o Dep. de Castelá, 3º e 4º de ESO.

14-4-16: Saída a LUGO. PROXECTO TERRA. Organiza o Dep. de Xeografía e Historia, 2º de ESO.

15-4-16: Charla EMPRENDEDORES. Organiza o Dep. de Economía, 4º de ESO.

18/22-4-16: FROITA ESCOLAR. Reparto gratuíto de froita no primeiro recreo subvencionada polo FOGGA. Organiza Vicedirección. Para toda a ESO.

18-4-16: INICIACIÓN AO REMO. Organizada polo Dep. Ed. Física para 3º e 4º de ESO.

21-4-16: OLIMPIADA MATEMÁTICA, organiza o Dep de Matemáticas.

22-4-16: Saída a NOVILLE, organiza o Dep. de Inglés, 3º e 4º de ESO.

24/30-4-16: EXCURSIÓN A BARCELONA. Excursión de fin de curso de 4º de eso. Organiza Vicedirección.

24/27 de abril de 2016: EXCURSIÓN A LISBOA. Organiza Dep de Xeografía. 1º de BAC.

24-4-16: Actividades do DÍA DO LIBRO. Organiza o Dep de Castelá.

26-4-16: INICIACIÓN AO REMO, organiza o Dep de Educación Física. 1º e 2º de ESO.

10 de maio de 2016: MAIO DAS LETRAS, actuación d'O Leo Arremecághona, definido na galipedia como "cantautor punk", 1.º Bacharelato, adultos

12 de maio de 2016: MAIO DAS LETRAS, compañía Galeteatro porá en escena "De Leria con Castelao" no Salón de Actos, ás 13:30 horas. 3º e 4º ESO

13 de maio de 2016: MAIO DAS LETRAS, festival poético-musical "Manuel María"

ESO

23 de maio de 2016: MAIO DAS LETRAS, atrapacontos ANXO MOURE, 1.º, 2º 3 de ESO

2 de xuño de 2016, CLUB DE LECTURA, excursión a Betanzos.

22-6-2016, ACTOS DE FIN DE CURSO:

10:30	<p>Inicio das actividades:</p> <ul style="list-style-type: none"> Exposición e explicación sobre os Printbots 	Vestíbulo
10:45	<p>Acto cultural:</p> <ul style="list-style-type: none"> <i>Totus Plautus</i> (Obradoiro de teatro, 1.ºbac) Actuacións musicais Teatralización do Gabine das Marabillas. Videos Mini peza de ópera 	Salón de Actos
12:00	Carreira de bólidos (4.º ESO)	Corredor central
12:30	<p>Descanso</p> <ul style="list-style-type: none"> Convite da cafetería <p>Sorteo da táblet Galaxy a cargo da ANPA</p>	Terraza da cafetería
12:30 13:00	Recepción de autoridades	
13:00	V PREMIO ESTUDO E DEPORTE	Salón de Actos

Ademais das actividades reflexadas anteriormente, hai que destacar os torneos organizados polo Departamento de Educación Física nos recreos, tal como o de Dodge Ball, de fútbol masculino e feminino, de baloncesto masculino e feminino e o torneo de voleibol mixto.

Tamén as exposicións organizadas polo Equipo da Biblioteca, entre as que destacamos as da temática da ciencia, a da romanización e a do Gabinete das Marabillas.

O Departamento de Inglés tamén desenvolveu o Masterchef, exposicións relacionadas coa romanización e as correspondentes a San Valentín.

Finalmente, a participación nas olimpíadas de matemáticas, economía, grego e no Canguro Matemático.